

## LISTA DE ASISTENTES

Manuel García Sánchez (coordinador)  
Cristina López Bravo (secretaria)  
Mónica Fernández Barciela  
José Ramón Fernández Bernárdez  
Roberto López Valcárcel  
Rebeca Pilar Díaz Redondo

## DESCULPAN ASISTENCIA

Alberto Gil Solla  
María Soledad Torres Guijarro  
Juan Manuel Santos Gago

Acta da sesión ordinaria da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de vinte e oito de setembro de dous mil vinte, reunida ás 11h30, na Sala DocTIC do Campus Remoto da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

O Luns, día 28 de setembro de 2020, ás 11h30, da comezo a sesión ordinaria de Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida por D. Manuel García Sánchez, e actuando como secretaria Dña. Cristina López Bravo.

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe do coordinador.
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.
3. Admisión de estudantes no programa de doutoramento para o curso 2020/21.
4. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal de tese do alumno Elías Fernández Domingos, e outros trámites relacionados coa tese.
5. Asuntos de trámite.
6. Rogos e preguntas.

## Punto 1. Informe do coordinador.

O coordinador informa sobre o situación do curso de inglés. O curso cota a día de hoxe con 15 solicitudes, das 20 prazas ofertadas. O curso comezará o día 13 de outubro, co seguinte formato: 1 hora síncrona (online) e 1 hora asíncrona (offline) de traballo persoal.

O coordinador informa tamén sobre a posibilidade –indicada polo director de AtlanTTic, de empregar os orzamentos do centro para o desenvolvemento de cursos de formación para investigación, tanto para o profesorado como para o alumnado do programa DocTIC, vinculados a AtlanTTic. Os orzamentos están dispoñibles tanto para a asistencia a cursos, como para a impartición dos cursos. O límite para a realización dos cursos remata o 30 de outubro. O coordinador consulta ó director de AtlanTTic sobre a posibilidade de pagar a matrícula do alumnado do programa, e sobre a posibilidade de que os cursos os podan impartir profesores da Universidad de Vigo. O director de AtlanTTic dará unha resposta nos próximos días.

Por último, o coordinador, indica que os orzamentos do programa permiten pagar traducións, polo que propón traducir os correos xenéricos que se envían dende a secretaría (a proposta da profesora Rebeca Díaz) e aqueles puntos do regulamento de doutoramento que afectan ao alumnado (presupostado en 660 €+ IVE).

## Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbanse, por asentimento, a acta da sesión do 17 de setembro de 2020.

## Punto 3. Admisión de estudantes no programa de doutoramento para o curso 2020/21.

Apróbase, por asentimento, elevar a definitiva a lista de admitidos e excluídos aprobada na anterior sesión da CAPD.

## Punto 4. Aprobación, se procede, da proposta de tribunal de tese do alumno Elías Fernández Domingos, e outros trámites relacionados coa tese.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome <i>Apellidos y Nombre</i>	Universidade ou Institución <i>Universidad o Institución</i>	Proposta <i>Propuesta</i>
1	Ann Nowé	Vrije Universiteit Brussel	Presidente/a
2	Cristina López Bravo	Universidade de Vigo	Secretario/a
3	Francisco C. Santos	University of Lisbon	Vocal
4	Aleksander Byrski	AGH Univ. Sc & Tech (Cracow)	Vocal 2º
5	Bipin Indurkha	Jagiellonian University (Krakow)	Vocal 3º
6	Vincent Ginis	Vrije Universiteit Brussel	Suplente
7	Pedro Rodríguez Hernández	Universidade de Vigo	Suplente
8	Benedita Malheiro	Inst. Sup. de Enxeñaría de Porto	Suplente
9	Ignacio Soto Campos	Universidad Carlos III de Madrid	Suplente
10	Fátima Leal	Oporto Global University	Suplente

Dado que o alumno, cumpre con todos os requisitos para solicitar a mención internacional, a CAPD aproba por asentimento que o alumno solicite o recoñecemento de “Mención Internacional”.

**Punto 5. Asuntos de trámite.**

Apróbanse, por asentimento, o Plan de Investigación, a actividade formativa “Defensa do Plan de Investigación” do curso 2019-20, e a correspondente avaliación anual favorable do alumno Amr Adel ElSayed.

Aprobase, por asentimento, as solicitudes de dedicacións a tempo parcial dos alumnos Silvestre Lomba Malta e Inés Ortega Fernández.

**Punto 8. Rogos e preguntas.**

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A Secretaria

O Presidente

Cristina López Bravo

Manuel García Sánchez